

Lorchas e punteiros

Letra das Festas, a revista oral do San Froilán, desenvolverase no salón de actos da Deputación coordinada por Lois Pérez e Antonio Reigosa, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e co apoio de cultura do Concello

TEXTOS: R.L. FOTOGRAFÍA: AEP

A REVISTA ORAL Letra de Festas. San Froilán 2020: Lorchas e Punteiros desenvolverase mañá a partires das 18.30 no salón de actos da Deputación de Lugo, organizada pola sección de literatura de tradición oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) co apoio da área de cultura, turismo e promoción da lingua do Concello e a colaboración da Deputación de Lugo.

O poeta Lois Pérez e o escritor, experto en folclore, Antonio Reigosa encargaranse de presentar un acto que contará co presenza de José Luis Corujo, José Luis Villamarín, Tino Mendaña, José Luis Díaz, Toño Núñez e Ovidio Pérez, así como con ambientación musical a cargo de Luís Montero.

A entrada será de balde ata completar a capacidade e aplicaranse os protocolos sanitarios vixentes.

A revista oral do San Froilán chega así a unha nova edición co fútbol como protagonista, sumando así unha nova temática á súa longa traxectoria como elemento dinamizador da cultura durante as festas patronais.

Nas festas do ano pasado Letra das Festas recolleu testemuños de intérpretes lucenses de distintas épocas, acrecentando así o coñecemento da historia e a intrahistoria lucenses, coma quedou patente hai dúas edi-

cións coa lembranza de persoas singulares e figuras populares, como o Galo Quirico, os Fazai, a maiteira Mercediñas ou a 'bolsillera' Marujiña, entre outros.

A revista oral das patronais lucenses chega este ano á súa décima edición consolidada coma unha alternativa cultural de referencia para todas aquelas persoas que desexan coñecer, recordar ou profundizar en distintos aspectos da vida da cidade e das persoas que a habitan ou habitaron.

Adela Figueroa, Alfonso Blanco Torrado, Xerardo Pardo de Vera, Manuel Pajón, María Concepción López Fernández, Pilar Yáñez Lombardía, Felipe Arias, Xesús Regueiro, Jorge Chao, Higinio Martínez Fernández de la Vega, Suso Arrizado ou Xosé López son algúns outros dos lucenses que no seu día xa participaron desta iniciativa literaria para falar dos seus recordos nas festas, así coma o inesquecible autor lucense Isidro Novo.



O capitán do CD Constanica entrega un bandeirín ao do CD Lugo nun partido disputado no ano 1967